



PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC

CURSO 2022-2023

C.E.I.P. FELICIANO BARRERA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

Bibliotecas
escolares
de Galicia



**UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**
"O FSE inviste no teu futuro"

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN E ESTUDO INICIAL DO CENTRO.....	2
Recursos materiais.....	2
Recursos humanos.....	3
2. OBXECTIVOS.....	4
3. METODOLOXÍA.....	5
4. APROVEITAMENTO DOS RECURSOS DO CENTRO	6
5. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO	7
6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	7
7. PLAN DE AVALIACIÓN.....	8
8. DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO.....	8
9. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO.....	8
ANEXO I.....	9
ANEXO II.....	10



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



**UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**
"O FSE inviste no teu futuro"

1. XUSTIFICACIÓN E ESTUDO INICIAL DO CENTRO

Coa promulgación da Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, a dinamización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación pasa a ser un obxectivo primordial, feito reflecto en diversos artigos e no preámbulo de dita disposición na que se recolle: “...a Unión Europea e a UNESCO propuxeron mellorar a calidade e a eficiencia dos sistemas de educación e de formación, o que implica mellorar a capacitación dos docentes, desenvolver as aptitudes necesarias para a sociedade do coñecemento , garantir o acceso de todos as tecnolóxicas da información e da comunicación, ..., e aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles...”

Por outra banda, o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC/) na vida cotiá fan de este recurso unha ferramenta imprescindible en calquera contorna. Mais aínda se cabe no ámbito rural como o que nos atopamos.

O CEIP Plurilingüe Feliciano Barrera, situado na pequena parroquia de Guláns, no concello de Pontearreas, está composto por tres unidades de educación infantil e seis unidades de educación primaria. O Claustro está formado por trece mestres e mestras dos cales tres son itinerantes: a xefa do Departamento de Orientación, a especialista de Audición e Linguaxe, e o mestre de Relixión, pertencentes a distintos centros base da zona.

Neste senso, a comunidade educativa debe empregar, reforzar e acompañar a todos os alumnos e alumnas neste camiño, para dotalos de destrezas e habilidades que lles permitan empregar axeitadamente e con seguridade ditas ferramentas.

O Plan de Integración das TIC ten o obxectivo de potenciar o emprego axeitado e seguro destas tecnoloxías como un recurso e ferramenta mais no proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, aumentando a calidade da ensinanza.

Recursos materiais

Repartidos nas distintas aulas do centro, a biblioteca e as zonas de traballo do profesorado, o centro conta con 24 ordenadores de sobremesa, 25 portátiles (contando tamén os que pertencen ao Programa Edixgal) e 15 tablets.

Os ordenadores atópanse en distintos estados de mantemento e funcionamento práctico. A maioría deles son bastante antigos.

Repartidos polas instalacións do centro contamos tamén con 8 encerados dixitais interactivos (EDI) co seu correspondente proxector. Nas aulas de 5º e 6º dispoñemos dos kits dixitais de Edixgal necesarios para cada alumno.

Para este curso temos concedidos os Polos Creativos, polo que recibiremos material tecnolóxico novo que se incorporará ao traballo diario do centro.

Recursos humanos

O claustro de mestres amosa un nivel medio sobre o manexo e coñecemento das distintas ferramentas e aplicacións didácticas das TIC; como son o emprego dos distintos navegadores da Internet, descarga de contidos e imaxes, realización de actividades impresas, edición de documentos ... habilidades e destrezas que nos derradeiros anos se van desenvolvendo e afianzando acadando un nivel mais alto no coñecemento e emprego das TIC, grazas en parte á investigación docente e ás propostas do Centro de Formación Permanente do Profesorado (CFR).

Na labor de acompañar a comunidade educativa neste camiño cara o emprego axeitado e seguro das TICS, confórmase este órgano de coordinación docente. Composto pola súa coordinadora e o grupo de mestres de apoio nomeados ao inicio do curso escolar por un período de dous anos, tal como establece a lexislación vixente.

Con todo, o profesorado do Centro non conta coa preparación técnica necesaria para resolver algúns problemas propios do funcionamento dos equipos, mais se cabe, derivados da antigüidade dos mesmos. Razón pola cal contratamos cos servizos externos da empresa TERABYTES encargada do mantemento técnico dos sistemas operativos. Motivo polo cal, un técnico de dita empresa acode unha vez ao mes durante dúas horas ao noso colexio para solucionar as incidencias que este equipo de Dinamización non sexa capaz de resolver.

No curso 2022-2023 continuamos co proxecto E-DIXGAL, coa implantación nos colexios do libro dixital, co que as clases de 5º e 6º de Educación Primaria foron dotadas con ordenadores ultraportátiles, razón de máis para continuar afondando na formación dixital do profesorado. Información que poden atopar máis ampliada Plan Dixital do Centro para o curso escolar 2022-2023.

Para traballar na consecución de todos estes obxectivos, no desenvolvemento deste Plan e a na súa avaliación, foi nomeada pola dirección do Centro para o presente curso Rosa Bendoiro Taboada, mestra de 4º de Educación Infantil como Coordinadora/ Dinamizadora deste Plan, contando co equipo de apoio conformado polas mestras María

Guadalupe Gómez Casal (5º de Educación Infantil) e Monserrat Rodríguez García (2º de Educación Primaria)

2. OBXECTIVOS

Partindo da memoria final do curso pasado, retómanse os obxectivos non acadados ou en fase de execución, a os cales se engaden os seguintes obxectivos :

- Impulsar o emprego da aula virtual como espazo de reforzo e ampliación nas actividades de ensinanza e aprendizaxe.
- Potenciar o emprego das ferramentas dixitais na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo como recurso motivador e didáctico.
- Continuar colaborando na acción didáctica do profesorado nas distintas areas e materias en relación ao emprego das TIC's
- Potenciar e difundir nas distintas redes sociais as actividades e situacións didácticas levadas a cabo polo Centro
- Dar soporte no uso didáctico dos medios técnicos necesarios para a execución e desenvolvemento dos distintos Proxectos aprobados polo Centro (CP Incluíe, Digicraft, Plos Creativos, Proxecta, Robótica ...)
- Colaborar no deseño e execución das propostas a levar a cabo ao abeiro do programa Polos Creativos
- Colaborar coas Distintas Dinamizacións e Equipos do Centro na execución das actividades complementarias e conmemorativas a realizar durante o curso 2022-2023
- Conseguir o emprego autónomo dos medios por parte do alumnado e profesorado, especialmente de terceiro a sexto de primaria. (*)
- Utilizar o ordenador como medio de creación, cooperación e expresión das propias ideas.(*)
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula. (*)
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que constitúan un elemento común de información e de contacto con tódolos axentes do proceso educativo.(*)
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades a través das TIC(**)
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración corporativas como Redeiras ou Agueiro(**)

(*) Obxectivos parciais acadados durante o curso 2021-2022

(**) Obxectivos non acadados durante o curso 2021-2022

3. METODOLOXÍA

Para acadar un modelo de alfabetización múltiple coas TIC´s e a súa verdadeira inclusión nos currículos impartidos no Centro e necesario desterrar a idea de “dar clase de informática “. Xa que uns dos obxectivos que se pretenden coa dinamización das TIC´S é que esta ferramenta e recurso este presente e de forma accesible para toda a comunidade educativa, como ferramentas de construción e comunicación compartida. Pero a simple presenza destas ferramentas dixitais non garante a mellora nos procesos educativos se non se integran na metodoloxía da aula, para así reforzar as competencias no tratamento da información e competencia dixital consideradas chaves na educación do Século XXI.

Dentro do contexto do centro, o impulso individual que cada mestre e mestra faga nas súas materias e titorías e fundamental na adquisición destas competencias dixitais, impulso que sempre estará coordinado e en estreita colaboración co Servizo de Formación do Profesorado, a Dirección do Centro e os distintos equipos de Dinamización e de Ciclo do Centro.

Para cada curso de Infantil e Primaria establecéronse unha serie de habilidades e destrezas necesarias para que o alumnado poida desenvolver as súas máximas capacidades dixitais e que se atopan recollidas no ANEXO I. Para lograr estas capacidades todo o alumnado conta con varios ordenadores na súa aula e cun mínimo de dúas horas semanais para traballar no espazo dos Polos Creativos. O profesorado amosa o seu compromiso para colaborar no desenvolvemento destes obxectivos e do Proxecto.

Para acadar estes obxectivos, e na procura dun equipamento axeitado que permita desenvolver as capacidades dixitais, é necesario un compromiso por parte de toda a comunidade educativa, en particular do equipo directivo para xestionar de forma eficiente os recursos e solicitar as Administracións Educativas a súa actualización e reposición dos equipos obsoletos e non eficientes.

Compromiso que tamén se debe estender ao ámbito da formación dixital para todo o profesorado, maximizando así as capacidades de todos os recursos humanos.

ESTRATEGIAS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Para o desenvolvemento deste proxecto, ademais da implicación de toda a comunidade educativa, é necesaria unha axeitada coordinación de todos os axentes implicados. Polo tanto, a misión deste equipo de Dinamización pasa por dar visibilidade ao proxecto ademais do seu impulso e de acompañar a todo o profesado na consecución das súas competencias dixitais encamiñadas a mellorar o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Para facilitar a comunicación e a resolución de incidencias dos equipos do centro, elaborouse un rexistro no que se achega información sobre a incidencia detectada e o seu grado de importancia, así como o procedemento de actuación dos mestres implicados. Os membros deste equipo, na medidas das súas posibilidades técnicas, intentarán solucionar os erros notificados e no caso de ser necesario solicitarán a axuda o equipo técnico informático externo ao centro e contratado para estes fins.

Esta táboa rexistro, recollida no o ANEXO II deste Plan, atopase na sala de mestres, onde todos os docentes deberán acudir para informar da incidencia detectada.

4. APROVEITAMENTO DOS RECURSOS DO CENTRO

Para que todos os mestres e mestras teñan acceso a os equipamentos dixitais, optimizando o tempo e uso dos equipos, farase un reparto equitativo considerando as necesidades detectadas e a composición dos agrupamentos.

Para un mellor aproveitamento do material tecnolóxico, cada curso disporá dun día asignado para desenvolver no espazo dos Polos Creativos as habilidades e destrezas necesarias para acadar as competencias dixitais propias do nivel e ciclo.

Como proposta para desenvolver as capacidades dixitais, tódalas aulas contarán tamén cun recanto equipado con ordenadores para adquirir de forma progresiva as habilidades e destrezas recollidas no xa nomeado ANEXO I.

Para o emprego das tablets, ademais do horario no espazo dos Polos Creativos, poden levarse ás aulas as tablets que estean libres nos días e horas que se precisen.

Repartiranse ademais de forma equitativa para os mestres e mestras os ordenadores portátiles que precisen, aínda que debido ao número de equipos e o estado dos mesmos non se pode garantir un portátil para cada membro do Claustro. Para suplir esta carencia, e para facilitar o acceso a os equipos dentro do posible, os ordenadores situados na sala de mestres serán de libre acceso, así como os localizados na biblioteca escolar sempre que non interfiran nas actividades programas neste espazo dentro da xornada educativa.

5. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

O espazo dos Polos Creativos conta cun horario de uso segundo o día e curso escolar. Debido ás limitacións de espazos no centro, este espazo e a biblioteca escolar comparten instalacións. Aínda que isto é moi beneficioso para as labores de investigación e para a elaboración de proxectos, para o seu aproveitamento e correcto funcionamento é necesario respectar as quendas marcadas. Compromiso asumido por todo o Claustro.

Para o seu correcto funcionamento, difundiranse a principio de curso, así como estarán a disposición dos usuarios neste espazo as normas de uso; tanto do equipamento (ordenadores, gravadora, cámara de fotos, fotocopiadora ...) como da propia biblioteca. Normas que serán lembradas por cada mestre e mestra que acuda cos seus alumnos a este espazo de alfabetización múltiple.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos colectivos mais favorecidos coa implantación e manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación son os alumnos e alumnas que presentan necesidades específicas de apoio educativo, debido ao seu carácter motivador e didáctico. Dende o equipo de dinamización faise unha aposta pola inclusión deste recurso na atención educativa aos alumnos que o precisen, adaptando se fora necesario, o seu manexo para facilitar a inclusión e achegamento a calquera ferramenta dixital que facilite o desenvolvemento do currículo adaptado as características individuais de todo o alumnado.

USO DA BIBLIOTECA

A coordinación educativa faise necesaria e imprescindible para acadar os obxectivos propostos e asumidos por toda a comunidade educativa, entre eles, o desenvolvemento das TIC's no contexto escolar. Ao tratarse dun espazo compartido entre a biblioteca escolar e o espazo de Polos Creativos, esta coordinación esixe un maior grao de comunicación e planificación entre os dous equipos dinamizadores para lograr integrar e desenvolver as capacidades no tratamento da información e competencia dixital neste espazo e no tempo dentro da xornada escolar.

Outra aplicación tecnolóxica, nexo de unión entre a biblioteca e as novas tecnoloxías da información e da comunicación é a aplicación MEIGA, empregada no Centro Escolar para a catalogación dos recursos literarios e audiovisuais do centro e para o procedemento de empréstito dos fondos da biblioteca.

Nesta labor de coordinación e para dar maior visibilidade aos fondos e actividades desenvolvidas na biblioteca escolar, o equipo TIC`s colabora coa publicación e difusión do blogue da biblioteca escolar.

7. PLAN DE AVALIACIÓN

Co fin de realizar un seguimento, avaliación e mellora do Plan de Integración das TIC`S ao rematar o presente curso realizárase a memoria final onde se recolla un pequeno resumo do grado de desenvolvemento de cada obxectivo ou ítem proposto, ademais dos seguintes puntos:

- A metodoloxía empregada
- O grao de implicación do profesorado
- Os materiais empregados
- O mantemento dos equipos
- A organización dos espazos e recursos
- A coordinación do profesorado

Os resultados servirán para reflexionar e realizar as correspondentes rectificacións e melloras no desenvolvemento deste Plan.

8. DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO

Ao principio do curso farase unha enquisa cos medios dispoñibles no Centro, co finalidade de acadar información acerca do uso planificado por cada mestre e mestra sobre medios e recursos tecnolóxicos que van a precisar para o desenvolvemento do currículo, así como da formación necesaria para desenvolver as súas capacidades dixitais e formativas en prol dunha mellora substancial na aplicación didáctica das mesmas. Resultados que se comunicarán ao Centro de Formación e Recursos do Profesorado (CFR), así como aos distintos axentes sindicais coa finalidade de axustar a oferta formativa neste eido.

9. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO

Para difundir este Plan e fomentar a participación de toda a comunidade educativa, empregaranse as seguintes canles:

- Difusión e aprobación por parte do Claustro.
- Inclusión do plan no PE
- Dispoñibilidade de consulta física do documento no Centro.
- Publicación na páxina web do Centro.

ANEXO I

CONTIDOS E DESTREZAS	INF	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Acender e apagar o ordenador	x	x	x	x	x	x	x
O rato e o punteiro	x	x	x	x	x	x	x
O menú e iconas do escritorio	x	x	x	x	x	x	x
A barra de desprazamento	x	x	x	x	x	x	x
O monitor	x	x	x	x	x	x	x
Auriculares e altosfalantes	x	x	x	x	x	x	x
Iniciar aplicacións dende o escritorio	x	x	x	x	x	x	x
O teclado: letras e números	x	x	x	x	x	x	x
Crear un documento de texto		x	x	x	x	x	x
Minimizar, maximizar e pechar xanelas			x	x	x	x	x
A barra de ferramentas			x	x	x	x	x
Navegar con hipervínculos			x	x	x	x	x
Gardar arquivos				x	x	x	x
A impresora				x	x	x	x
Utilizar buscadores				x	x	x	x
Copiar texto e imaxes na rede				x	x	x	x
Formato: fonte color,...				x	x	x	x
Usar programas de mecanografía				x	x	x	x
Inserir obxecto: táboas, imaxes,...					x	x	x
O botón dereito do rato					x	x	x
Disco duro portos USB almacenamento						x	x
Copiar pegar e mover arquivos						x	x
A extensión de arquivos						x	x
Instalar e eliminar aplicacións						x	x
Actualizacións						x	x
Antivirus						x	x
Correo electrónico						x	x
Empregar programas de presentacións.						x	x
Transferir imaxes dunha cámara						x	x
Tratamento sinxelo de imaxes						x	x
Correcto uso de foros, Chat, blog						x	x

Protocolo incidencias tics

NON FUNCIONA INTERNET no centro	Avisar coordinador ou equipo directivo
Non arranca ordenador aula	Coordinador TIC
Non arranca o canón	Coordinador TIC
Non funciona un elemento fundamental do ordenador de aula (teclado, rato...)	Coordinador TIC
Non funciona un programa	Apuntar folla incidencias
Non funciona ordenador aula informática	Apuntar folla incidencias
Non se conecta a Internet un ordenador	Apuntar folla incidencias
Non funciona un ordenador dos alumnos / Recantos	Apuntar folla incidencias
Falta algún cable	Apuntar folla incidencias
Ordenador lento	Apuntar folla incidencias
Fallan actualización	Apuntar folla incidencias
Fallos nas Tablets	Apuntar folla incidencias
Tablets lentas	Apuntar folla incidencias
Instalar programas nas tablets	Apuntar folla incidencias